



RESOLUCIÓN do 1 de xuño de 2020 pola que se aproba a listaxe definitiva de admitidos e excluídos da bolsa de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial convocada pola Resolución da Dirección Xeral de Xustiza do 18 de marzo de 2019.

Con data do 28.01.2020, en cumprimento do disposto no artigo 12 da Orde do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, así como no artigo 10 da Resolución do 18 de marzo de 2019 pola que se convocan bolsas de traballo de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, publicouse a Resolución pola que se aprobaban as listaxes resultantes de aspirantes admitidos e excluídos das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, así como a súa baremación definitiva, e se concedía un prazo de dez días hábiles aos aspirantes que resultaran incluídos en bolsas de distintos corpos, ou en varias provincias da mesma bolsa, seleccionaran aquela na que desexasen quedar coa advertencia de que de non facelo, entenderíase que desistían de todas as súas solicitudes.

Transcurrido o dito prazo, feitas as eleccións polos aspirantes e de acordo á normativa citada,

RESOLVO:

Aprobar as listaxes definitivas de aspirantes admitidos e excluídos das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, e acordar a súa publicación no sitio web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<https://cpapx.xunta.gal>), na intranet de Xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza de Galiza (<https://www.xunta.es/sxpa/AIX>).

Estas listaxes entrarán en vigor o día seguinte ao desta publicación e substituirán as listas vixentes, que quedarán anuladas nesa mesma data, sen que isto supoña ningún dereito para os integrantes destas.

Con todo, e de acordo coa disposición transitoria terceira da Orde do 4 de outubro de 2018, o persoal que no momento da entrada en vigor estea prestando servizos como persoal funcionario interino seguirá desempeñando o posto de traballo ata que proceda o seu cesamento.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza

Rúa Madrid, 2-4, 2º
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela



competente no prazo de dous meses, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ambos os prazos contados a partir da data de publicación da presente resolución.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez



Xacobeo 2021

